

VI. ANUNCIOS**B) ADMINISTRACIÓN LOCAL****CONCELLO DE PONTEAREAS**

ANUNCIO da oferta de emprego público para o ano 2018.

Con data do 11 de decembro de 2018 apróbase mediante Resolución da Alcaldía a oferta de emprego público para o ano 2018 que consta das seguintes prazas:

– Funcionarios de carreira:

Grupo/subgrupo	Clasificación	Denominación	Nº prazas	Quenda
C1	Escala Administración especial, subescala servizos especiais, clase policía local	Policía	2	Libre
C1	Escala Administración xeral, subescala administrativa	Administrativo	1	Libre

– Persoal laboral:

Grupo convenio	Denominación	Nº prazas	Quenda
5	Auxiliar axuda a domicilio	1	Libre

Así mesmo, resérvase o dereito de ampliación da oferta de emprego público ao abeiro da disposición adicional centésimo sesaxésimo quinta. Taxa adicional e reposición da policía local, da Lei 2644/2018, que recolle «... no suposto de que, en aplicación do establecido no artigo 206.1 do texto refundido da Lei xeral da Seguridade Social, se produza o anticipo da idade de xubilación dos policías locais, as entidades locais poderán dispoñer durante 2018, exclusivamente para este colectivo, dunha taxa adicional de reposición determinada polo número de baixas que se prevegan neste exercicio e no exercicio 2019 como consecuencia do dito adianto da idade de xubilación».

Ponteareas, 11 de decembro de 2018

Xosé Represas Giráldez
Alcalde

